

ACORDOS NÚMERO 22/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 25 de outubro de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e cinco de outubro de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-
- 2- ESCRITOS VECIÑOS.-
- 3- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
- 4- APROBACION DO PADRON FISCAL DAS TAXAS POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E CANON.-
- 5- CERTIFICACIONES DE OBRAS.-
- 6- APROBACION FACTURAS.-
- 7- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS DE:D. A.A.A..-
- 8- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS DE DONA B.B.B..-
- 9- LICENZA URBANISTICA PARA INSTALACION DE SIRENA DE AVISO ACUSTICO A POBOACION PARA IMPLANTACION PLAN DE EMERXENCIA DO ENCORO DE VILAGUDIN.-
- 10- LICENZA URBANISTICA PARA CONSTRUCCION DE ALMACEN DE USO AGRICOLA NO LUGAR DE BEDROBE, PARROQUIA DE CABALEIROS SOLICITADO POR X.X.X..-
- 11- PRESUPOSTO VERQUIDOS.-
- 12- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-
- 13- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-

Acordos adoptados:

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 11.10.2017.

2.- ESCRITOS VECIÑOS.-

3.- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-

Acordos adoptados:

1. Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipais, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do servizo municipal de augas.

- C.C.C. veciña de Outeiro, parroquia de Viladoabade deste termino municipal.

4.- APROBACION DO PADRON FISCAL DAS TAXAS POLO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO E CANON.-

Acordos adoptados:

A Xunta acorda prestarlle a súa aprobación do escrito que dirixe Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia, S.A.U. concesionaria do servizo municipal de augas de sumidoiros, sobre a facturación correspondente ao terceiro trimestre de 2017, ascendendo a cantidade total de 18.089,64 euros, e o importe da facturación do Canon da Auga no citado periodo é de 4.559,56€.

5.- CERTIFICACIONES DE OBRAS.-

Acordos adoptados:

Informar favorablemente nos termos propios da súa redacción:

1. Certificación nº 1 e final da obra Accesos á Igrexa de Tordoia dentro do plan Acción Social (PAS) 2015, realizada por SYR-AMG,S.L.U, por importe de 53.203,99.-€, subscripta polo Enxeñeiro de Camiños don D.D.D. .

6.- APROBACION FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1º Aprobar as facturas por un importe de 51.846,21€

- nº 1-017048 por un importe de 44.404,71€ de SYR-AMG,S.L., da obra Accesos á Igrexa de Tordoia/ certificación nº 1 y final.
- Nº 2017 38 por un importe de 7.441,50€ de MULTISUELOS TORDOYA, S.L.

2º Ordear a Tesourería Municipal que proceda ao pago, previa intervención formal de Interventora da cantidade das facturas relacionadas por un importe total de. 51.846,21€.

7.- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS DE:D. A.A.A.-

Acordos adoptados:

a.- Recoñecer a eficacia da comunicación previa de obras presentada o 17.10.2017 por don A.A.A. para a comunicación previa de obras “conservación (enfuscado e pintado) das fachadas dunha vivenda existente”.

b.- Deberá cumprir as observacións do informe técnico de data 24.10.2017.

c.- Notificarlle ao interesado a presente autorización.

d.-Sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección que poida levar este Concello, conforme a normativa vixente.

e.- Sen prexuízo da posible responsabilidade penal por falsidade en documento público.

8.- COMUNICACION PREVIA DE OBRAS DE DONA B.B.B.-

Acordos adoptados:

a.- Recoñecer a eficacia da comunicación previa de obras presentada o 29.8.2017 por dona B.B.B. para a comunicación previa de obras “peche de estacas de madeira e arame”.

b.- Notificarlle ao interesado a presente autorización.

c.-Sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección que poida levar este Concello, conforme a normativa vixente.

d.- Sen prexuízo da posible responsabilidade penal por falsidade en documento público.

9.- LICENZA URBANISTICA PARA INSTALACION DE SIRENA DE AVISO ACUSTICO A POBOACION PARA IMPLANTACION PLAN DE EMERXENCIA DO ENCORO DE VILAGUDIN.-

Acordos adoptados:

a.- Recoñecer a eficacia da comunicación previa de obra presentada o 12.09.2017, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección que poida levar a cabo este Concello, conforme a normativa vixente, por Gas Natural Fenosa Ingeniería y Desarrollo de Generación para a comunicación previa de obras “implantación del Plan de emergencia do encoro de Vilagudín”

b.- Notificarlle ao interesado a presente autorización.

10.- LICENZA URBANISTICA PARA CONSTRUCCION DE ALMACEN DE USO AGRICOLA NO LUGAR DE BEDROBE, PARROQUIA DE CABALEIROS SOLICITADO POR X.X.X.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a seguinte licenza urbanística con suxeición ao proxecto presentado e ás normas de edificación e condicións particulares e xerais establecidas nas correspondentes Leis e Ordenanzas:

- a) Promotor: X.X.X.
- b) Situación emprazamento: Bedrobe – Cabaleiros, Tordoia – A Coruña
- c) Referencia catastral:XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
- d) Técnico autor do proxecto: Z.Z.Z.
- e) Prazo para inicio e terminación das obras: segundo disposto no punto 3o
- f) Contía nas que se orzan as obras, execución material: 12.000,00 €
- g) Altura, superficie construída e ocupación de parcela permitidos: 7,00m; 2000m²; 20%
- h) finalidade de actuación e uso ao que se destinará: Construción de almacén para uso agrícola .
- i) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: SoloRústico (LOUPMRG)
- j) Título proxecto: Construción de almacén para uso agrícola en Bedrobe - Cabaleiros - Tordoia.

Segundo.- Aprobar a liquidación de dereitos municipais, de acordo coas ordenanzas fiscais municipais reguladoras, sen prexuízo das comprobacións que procedan sobre o custo real e efectivo da obra, unha vez concluída e das liquidacións complementarias que resulten procedentes.

Terceiro.- O prazo de iniciación non poderá exceder de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución, non podendo interromperse as obras por tempo superior a SEIS MESES.

Cuarto.- A presente licenza concédese salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, así mesmo, das autorizacións e concesións a outorgar por outras administracións públicas.

Quinto.- Deberá cumprir a seguinte condición que os cerramentos deberán quedar pintados, as carpinterías serán de cores escuras e a cuberta deberá se de cor vermella, tal e como se indica no informe técnico do 18.07.2017.

Sexto.- Realizadas as obras obxecto desta licenza DEBERÁ PRESENTAR CERTIFICADO FINAL DE OBRA e realizar a comunicación previa regulada no artigo 24 e seguintes da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia para comprobación por parte dos servizos técnicos municipais e para que este certifique a veracidade das obras obxecto do proxecto e inspección previa ao exercicio da actividade.

11.- PRESUPUESTO VERQUIDOS.-

Acordos adoptados:

- Solicitar presuposto que de cobertura a estes servizos básicos para a realización de limpeza saneamento análise das fosas e depuradoras non incluídas no contrato coa empresa VIAQUA.

12.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

Polo señor alcalde informa sobre a urxencia de incluír a contratación para a xustificación en prazo da obra COLECTOR XERAL DE SANEAMENTO A TAÑE (TORDOIA)

Acordos adoptados:

Inclusión como urxencia a contratación para a xustificación en prazo da obra COLECTOR XERAL DE SANEAMENTO A TAÑE (TORDOIA)

Acordos adoptados sobre a proposta da alcaldía:

1. Adjudicar a obra de COLECTOR XERAL DE SANEAMENTO A TAÑE (Tordoia) a empresa Excavaciones José Varela Iglesias, S.L.
2. Ratificar o expediente de contratación.
3. Facultar ao señor alcalde para a aprobación de todo o relacionado con este expediente.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:30 horas.